

# A HISTORIOGRAFÍA DE TITO LIVIO

**Tito Livio** (Patavium/Padua, 59/64 a.n.e./a.C.- 17 n.e./d.C.) foi un célebre historiador nacido no período republicano, malia que foi contemporáneo do emperador Augusto. A súa obra foi clásica xa no seu tempo e influíu decisivamente no estilo e filosofía da historiografía ata o século XVIII.

## Biografía

Temos pouca información sobre a vida de Tito Livio. Pola súa educación e polo feito de que non parece ter sido dependente dun mecenado económico, intúese que pertenceu á elite provincial acomodada. Sabemos que Patavium, localizada na Gallia Cisalpina, era unha cidade que sufriu intensamente as consecuencias da guerra civil dos 40. Dita guerra e a inestabilidade trala morte de César no 44 a.C. probablemente evitou que Livio viaxase a Grecia para formarse, como era costume da aristocracia romana. Con todo, Livio foi educado en retórica e filosofía antes do seu traslado a Roma en torno ao 30 a.n.e./a.C.



*Tito Livio: Patavium (Padova)  
59/64 a.n.e./a.C.- 17 n.e./d.C.*

Algo interesante de Tito Livio é que viviu á **marxe** de cargos e honores públicos. Non hai conexións con Mecenas nin con escritores contemporáneos como Horacio, Virxilio ou Ovidio. Porén, mantivo boas relacións coa **corte imperial**: Augusto chegou a confiarlle a educación literaria do seu fillo **Claudio**.

## Obra

Tito Livio tiña un obxectivo vital claro: ser quen de escribir unha historia “total” de Roma desde a súa fundación ata época contemporánea (concretamente, a morte de Druso no 9 a.n.e./a.C.). De aí vén o nome *Ab urbe condita*.

Chegou a escribir **142 libros**, agrupados, debido ao gran volume de texto, en grupos de dez que se denominarían **décadas**. Conservamos as seguintes:

1ª década	Desde as orixes ata a guerra contra Pirro
3ª década	2ª Guerra Púnica
4ª década, metade da 5ª década	Ata o ano 167 a.n.e./a.C.

O resto aparece en forma de fragmentos, resumos e antoloxías conservadas desde o primeiro século da nosa era en adiante.

No tocante á **documentación** para a súa obra, Tito Livio confrontou varios **problemas**:

1. A falta de información, máis notable canto máis atrás no tempo se remontaba.

2. A dificultade para acceder aos arquivos públicos e privados: algúns documentos oficiais estaban dispersos e outros ofrecían problemas de interpretación.

3. Carencia de formación política de tipo práctico: Livio xamais desempeñou cargos públicos e isto se reflicte no carácter teórico da súa obra. Alén diso e en consonancia co anterior, certos cargos públicos teríanlle concedido acceso a documentos de relevancia histórica.

Os historiadores precedentes tiñan como característica común o seren figuras públicas con participación na vida política: Salusto fora pretor; Catón o Vello fora cónsul e censor; César fora *imperator*<sup>1</sup>. Para eles, a labor historiográfica era ben un medio para xustificar a súa política (e.g. *De bello Gallico*, de Xulio César), ben un pasatempo culto; en todos os casos, era un **estudo político** para xustificar ou explicar o presente.

N.B.: A historia de Tito Livio é unha historia **moralizante**.

## Características da obra

Tito Livio expresa no seu prefacio as súas intencións no que respecta á historia: non busca explicar a historia tanto en termos políticos como en termos **persoais** e **morais**. De feito, do mesmo xeito que Cicerón, para Tito Livio a función máis importante da historia como *magistra vitae* (mestra da vida) é a transmisión do *mos maiorum* (o costume dos antepasados). Trázase a idea do romano ideal: heroico, traballador, constante, amante da tradición, respectuoso cos deuses que invariablemente participarán da evolución histórica. Tito Livio volta ao pasado para rexenerar unha Roma que, tal e como os seus colegas, entendía que estaba nun proceso de **degradación moral**. A descrición do carácter dos protagonistas dos episodios históricos ten máis peso en Tito Livio que o rigor histórico.

En canto ao **estilo**, Livio presenta un estilo rico e variado que adapta ao tema e ao ritmo da súa narración: alonga ou acurta as oracións dependendo da rapidez do suceso; usa un estilo máis modesto para presentar datos arquivísticos e un estilo máis poético e dramático para as batallas.

En todo momento, Livio amosa un gran **patriotismo**, e supedita á conveniencia da narración o rigor histórico.

### Puntos clave:

Historia **moralizante**. Personalidades e carácter como motor da historia.

Estilo **adaptado** ao contido.

Tito Livio como un historiador **non involucrado** directamente na vida política.

División en **décadas**

1 N.B.: Lembrede que *imperator* aplicado a César **non** significa emperador. César nunca foi emperador. O cargo era o equivalente a comandante ou xeneral dos exércitos actual.